



ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E O ILUSTRE COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS INDUSTRIAIS DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS DE FOMENTO E DIFUSIÓN DA SEGURIDADE INDUSTRIAL EN GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial da Consellería de Economía e Industria, Margarita Ardao Rodríguez, DECLARA:

Que esta consellería formalizou co Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia o instrumento convencional arriba referenciado por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura, o 09/05/2025, ata o 31/12/2025, realizando con data 07/08/2025 unha Addenda o citado Convenio.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: establecer as liñas de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia (en adiante ICOEIG) para o desenvolvemento conxunto de actuacións de fomento, difusión e concienciación sobre seguridade industrial en Galicia, co obxectivo de sensibilizar sobre a importancia da seguridade industrial, divulgar as obrigas dos titulares de instalacións suxeitas a regulamentos de seguridade industrial para garantir a súa seguridade e promover cantas accións faciliten o cumprimento dos variados ámbitos da regulamentación y disposicións vixentes.

Que existe converxencia de intereses entre as partes asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1.- A Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección Xeral de Estratexia Empresarial e Solo empresarial, entre outras ten atribuídas competencias e funcións en materia de estratexia industrial, administración industrial, seguridade e calidade industrial, en concreto a proposta, coordinación e supervisión de actuacións para o estudo, a difusión e a promoción da seguridade e a calidade industrial, segundo o recollido no Decreto 140/2024, de 20 de maio polo que se establece a estrutura orgánica da devandita consellería.

Entre os obxectivos fundamentais das actuacións de todas as administracións públicas atópase a procura da seguridade en xeral das persoas, como unha das pezas fundamentais e alicerce sobre o que se sustenta a construción da sociedade do benestar. E neste ámbito cabe salientar, poñer de relevo e visualizar a propia seguridade industrial (a instalación eléctrica, o ascensor, o vehículo etc.) como parte esencial e intrínseca da cotidianidade vital das persoas que conforman as sociedades do cualificado primeiro mundo. De acordo con este obxectivo, a Consellería de Economía e Industria, en exercicio das competencias que lle corresponden e ten atribuídas en materia de industria, considera de interese social prioritario e primordial, a promoción e difusión da Seguridade Industrial dos establecementos e instalacións industriais situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- O ICOEIG é unha corporación profesional de dereito público cujos estatutos regulan como o seu fin prioritario a tutela do correcto exercicio da profesión como





garante dos dereitos dos cidadáns, e o de promover o desenvolvemento industrial sustentable e a compatibilidade das industrias coa conservación do medio. Ademais nos traballos visados polos propios colexios profesionais atópanse aqueles correspondentes ás instalacións incluídas nos diferentes regulamentos de seguridade industrial, e que son proxectadas polas persoas con titulación de enxeñería industrial. En liña co desenvolvemento, promoción e coordinación da seguridade industrial, promóvese por parte da Consellería de Economía e Industria, en colaboración con ICOEIG a posta en marcha dunha serie de actuacións dirixidas a mellorar a seguridade industrial en Galicia.

Dado que por definición a seguridade industrial afecta transversalmente a todas as actividades industriais, para a súa posta en valor a través das actividades a desenvolver obxecto deste convenio, procurouse unha entidade que represente a maior parte dos sectores nos que afecta a seguridade industrial. Neste senso, o ICOEIG é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, que presta o seu asesoramento e da a coñecer as novidades dos regulamentos de seguridade industrial aos seus asociados, ademais da súa utilidade ao interese xeral.

Xustifícase así a imposibilidade de promover a concorrência, nun marco de colaboración que une os eidos de competencias de cadaquén, para conseguir un fin común de interese público, proporcionando vantaxes e sinerxías derivadas desta colaboración, na que están implicadas actividades que coinciden plenamente coas que veñen desenvolvendo as entidades participantes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Reunida a comisión de seguimento e control do Convenio, en virtude das facultades que lle foron concedidas pola cláusula décimo terceira do citado Convenio para analizar a planificación das actuacións, levantase acta nº 1, asinada o 12 de xuño de 2025, na que se recolle a detección de diversas causas que xustifican a modificación das actividades a desenvolver na cláusula segunda e no anexo I, acordándose finalmente a proposta de modificación do Convenio mediante o inicio da tramitación dunha Addenda para recoller todo o acordado, sen que isto implique unha modificación orzamentaria do Convenio.

Ambas as partes detectaron a imposibilidade de realizar parte das actividades a desenvolver na cláusula segunda e no anexo I, en concreto a actividade de presentación das actuacións a desenvolver en materia de fomento e difusión da Seguridade Industrial, pola posibilidade de solapamento con outras actividades de difusión nos medios de comunicación previstas pola CEI, e por contra acordase intensificar a actividade prevista de elaboración de guías didácticas para a promoción e difusión da seguridade industrial, por considerarse dita actividade cun impacto máis significativo nos actores profesionais da seguridade industrial.

E polo tanto propuxose unha Addenda ao convenio para modificar a cláusula segunda (Actividades a desenvolver), o Anexo I (Actuacións que se desenvolverán no marco deste Convenio) e a cláusula quinta (Contía da achega económica), sen que isto implique unha modificación orzamentaria do Convenio.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria.

Santiago de Compostela, a data da sinatura dixital

A Directora Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial
P.A. (Art. 12 d) da Orde 4.11.2024, DOG núm. 217, do 11.11.2024)

O Secretario Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético

Nicolás Vázquez Iglesias

